

## Máis información e inscricións

### CONCELLO DE CAMARIÑAS

Axencia de Desenvolvemento Local  
Praza de Insuela S/N- Camariñas  
T. 981 73 70 04

### CONCELLO DE MAZARICOS

Axencia de Desenvolvemento Local  
Avd 13 de abril 59- A Picota- Mazaricos  
T. 981 86 71 04

### CONCELLO DE MUXIA

Rúa Real, 35- Muxia  
T. 981 74 20 01

### CONCELLO DE VIMIANZO

Departamento de Promoción Económica  
Praza do Concello 6- Vimianzo  
T. 981 71 60 00

Correo electrónico:  
[onosofuturo@camarinas.net](mailto:onosofuturo@camarinas.net)

<https://onosofuturo.wordpress.com/>

# DESEÑANDO O TEU FUTURO

na Costa da Morte

Para **mocidade** entre 14 e 18 anos  
Estadías becadas en empresas

Coñece a realidade socio-laboral e empresarial da túa contorna



Inscrición e información nas  
Axencias de Desenvolvemento  
Local de Camariñas, Mazaricos  
Muxía e Vimianzo

[onosofuturo.wordpress.com](https://onosofuturo.wordpress.com)

**Os concellos de Camariñas, Mazaricos, Muxía e Vimianzo** van desenvolver o proxecto “Deseñando o teu futuro na Costa da Morte” de forma colaborativa nos seus territorios. Neste primeiro proxecto, un grupo de 30 mozos e mozas poderán realizar estadias en empresas de xeito que coñezan de cerca a realidade empresarial da súa contorna. Este proxecto está financiado pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia

## De que vai este proxecto?

No verán de 2015 un grupo de 30 mozos e mozas, de entre 14 e 17 anos cumpridos, dos concellos de Camariñas, Mazaricos, Muxía e Vimianzo:

- ❖ realizarán **estadias en empresas** destes concellos
- ❖ recibirán **formación sociolaboral** que mellore a súa empregabilidade e oriente as súas decisións sobre a súa traxectoria formativa profesional.
- ❖ Recibirán certificacións recoñecidas pola Consellería de Traballo e Benestar das competencias, habilidades e cualificación adquiridas no desenvolvemento deste proxecto.

## Que son as estadias?

Son estancias en empresas de diferentes sectores económicos do territorio para coñecer a súa realidade, as tarefas que se realizan e as necesidades de emprego e autoemprego.

As estadias terán unha duración **de 5 días e 5 horas cada día**.

## Contarei cunha axuda ou beca?

A mocidade participante **recibirá 6€/día**. Un total de 36€ (estadias+formación+tutorías)

## ¿Qué formación realizarei?

6 horas de formación en contorna sociolaboral, ferramentas para a busca activa de emprego, adestramentos en actitudes proactivas para toma de decisións

## Que requisitos e cómo teño que inscribirme?

Pode participar calquera mozo/moza empadronado nos concellos participantes que teña **entre 14 e 17 anos cumpridos**. Terá que inscribirse nas axencias de desenvolvemento local dos concellos participantes.

Esta solicitude requirirá da autorización dos pais/nais/tutores legais dos menores de idade.

## Cándo realizarei as estadias e que prazo teño para inscribirme?

As estadias desenvolveranse antes do 20 de setembro. Os concellos participantes pretenden continuar con este proxecto nos anos vindeiros polo que está aberta a inscrición durante todo o ano. Para participar nas estadias deste ano o primeiro prazo rematará **o 22 de agosto**. De non cubrirse as prazas ampliarase o prazo unha semana máis.